

# ILLAS DESERTAS

A utilidade do inútil



SELECCIONADO  
**2021**

**Artesa**  
Compañía Escénica Transmedia

**Cía**


## ILLAS DESERTAS

nace como resposta á competitividade e produtividade dun mundo que só sabe camiñar nunha única dirección: a de facernos productivos.



O espectáculo propón unha travesía cara a nada, ancorada nas narrativas transmedia e na poesía audiovisual.






Antes de acceder ó espazo da representación, convídase á público/tripulación a instalar no seu teléfono móbil a **app Kalliópe**, aplicación co que estarán en interacción continua a través de mensaxes escritas e audiovisuais, dando a posibilidade de vivenciación-participación na obra aos espectadores, a tempo real. Convértense así nun personaxe máis da peza.



Illas Desertas é unha experiencia inútil, unha viaxe cara á nada, un canto ao fracaso, unha conquista do inútil, unha viaxe interior. É habitar, abrir, reencontrarse con eses territorios ignotos que nos habitan interiormente e que buscan saír á boia, cando a vida sacúdenos, cando nace ese baleiro que o material non pode encher. Por que non roubarlle tempo á morte con esta aventura?



A través do movement, das voces en off, da realización de cinema en directo, da interpretación, do son, da resignificación poética dos obxectos, da construción de maquetas e do traballo con máscaras xéranse paisaxes escénicas cunha enorme carga poética, salpicados das experiencias e reflexións de dous aventureiros: a aviadora Amelia Earhart e o explorador Ernest Shackleton.





Un diálogo romántico sobre o paso do tempo entre Amelia e Ernest, reencarnados en pingüíns, mentres toman unhas copas na banquisa polar.



Cámara en man reproduce o accidente do avión de Earhart e a expedición de Shackleton á Antártida con figuras de modelismo abríndose paso polo improvisado iceberg- saco de durmir.



Unha danza da Illa/Muller das Flores ao ritmo dun piano electrónico.



Os sons da aplicación móbil soan varias veces no patio de butacas e instan á tripulación para pensar nun feito inútil da súa vida e comentalo co/a vecino, a cantar para espantar o medo, a coller da man a unha persoa descoñecida e iluminar o vínculo coa lanterna do dispositivo, a berrar que é o que se ve alén da néboa... -aínda que o único importante realmente é a néboa que temos diante-. A facer, en definitiva, grupo durante a hora que dura a exploración por estas Illas Desertas.



## ¿Cal foi a túa última experiencia inútil?

Illas desertas válese das experiencias e reflexións de dúas dos grandes fracasos da historia, a aventura da aviadora Amelia Earhart e da expedición antártica do explorador Ernest Shackleton. Toda a obra está bañada pola súa transmisión cultural, polo seu camiño vital cara á utilidade desas cousas inútiles.

Os protagonistas desta historia convidan ó público a través dos seus móbiles para subirse a bordo dunha expedición cara a unha illa deserta, que flota no espazo-tempo (no Pacífico, na Antártida, na Indonesia de hai 40.000 anos?). Esta viaxe fraccionada en etapas convértese nun acto poético e nunha experiencia, unha bela aventura contemporánea na que se mostra outro camiño, outra alternativa á competitividade e produtividade da sociedade actual atafegada polo éxito, as metas e a posesión de bens.



## O QUE DIN DE "ILLAS DESERTAS"

Artezblai

revista de artes escénicas

Roberto Pascual

director MIT Rivadavia / sección teatral

Diario Cultural de RAdio Galega

Zig-zag

programa cultural TVG

Afonso Becerra

Revista Galega do Teatro


Ernesto Is

Revista Galega do Teatro

Impresións do público

Web da Rede de Teatros Alternativos



A theatrical performance scene. The background is a large, curved, textured surface, possibly a tent or a stage backdrop, illuminated from the top left by a bright, glowing orange light source. In the foreground, two performers wearing dark clothing and masks with floral or leaf-like decorations are visible. One performer is holding a large, vibrant red flag. To the right, two other performers are seated at a table, working on laptops. The overall atmosphere is dramatic and artistic.

**Susana Méndez** aos mandos técnicos do espectáculo, **Roi Fernández** interpretando, tocando en directo e operando cámaras e **Laura Villaverde** interpretando e manipulando todo tipo de obxectos. Nas luces e tocando en directo **Hector Pazos**, no deseño de vestiario e caracterización **Esther Quintas**. Estes expedicionarios artísticos forman o elenco e o equipo artístico de Illas Desertas.

Héctor Pazos  
Música y luz



Susana Méndez  
Técnica



Laura Villaverde  
Actriz e creadora escénica



Roi Fenández  
Artista multimedia



EQUIPA

En escena:

**Laura Villaverde, Roi Fernández, Héctor Pazos e Susana Méndez**

Vestuario e escenografía:

**Esther Quintas y Artesa Cía**

Cinema en directo:

**Roi Fernández**

Música y iluminación:

**Héctor Pazos**

Técnica Multimedia:

**Susana Méndez**

Producción:

**Laura Villaverde**

Distribución:

**Lilian Portela, Amarelo Distribución Escénica**

Dramaturxia:

**Artesa Cía**

Colaboración tecnolóxica:

**La Fura Dels Baus**

Voz en off

**Sebastián Álvaro**

Duración:

**60 minutos**





ILLAS DESERTAS CONTA CO **APOIO** DE :

**AGADIC** cunha axuda a produción.

**A Compañía Fura dels Baus** a través da cesión da súa app de interacción **Kallíope**.

**Colectivo RPM**, Residencias Paraíso.

**Sala Ingrávida**, con dous *work in progress* confrontado con público, concedida polo colectivo Xerpo

**CONCELLO DE SANTIAGO**, a través de exposición de 2 meses coa instalación artística na galería Zona C de Santiago cos retratos de personaxes que inspiraron este proxecto.

**Teatro Rosalía de Castro da Coruña**, dentro do programa actividades expandidas das residencias Oasis-Paraíso, cunha presentación con público do proceso creativo.

**Sebastián Álvaro:** Aventurero y escritor español.

Esta peza escénica posúe ademais unha instalación artística como **actividade complementaria**, chamada tamén "Illas Desertas". Está composta por 5 retratos a grafito e carboncillo de 5 das historias á deriva que inspiraron a obra escénica de Illas Desertas, complementados con videomapping interactivo.

Vidas á marxe da sociedade capitalista na que o camiñar é á vez o medio e o obxectivo primario para vivir con plenitude.





A instalación está composta por debuxos e creación audiovisual expandida ( videomapping interactivo) de **Roi Fernández**




**Petra**

viaxeira e nómada holandesa




**Jules**

peregrino bretón



**Jürgen**

aventureiro alemán



**Cada retrato ten un código QR , a través do cal se pode ver**  
a cada protagonista contando a súa historia vital en primeira persoa



A idea orixinal deste proxecto nace en Artesa Cía Transmedia, unha compañía escénica afincada en Galicia en 2009 fundada por: **Laura Villaverde** (actriz e produtora) e de **Roi Fernández** (Artista Multimedia) que se complementa coa técnica en sistemas **Susana Méndez** e co músico e iluminador **Héctor Pazos**. Con Illas Desertas, Artesa Cía embarca ó espectador nunha aventura con interrogantes, incerteza, entusiasmo e paixón. Sen esquecer o poético, íntimo e contemporáneo que flúe nos seus traballos, continúa coa súa quinta produción, na procura de novas linguaxes escénicas; esta vez, para adentrarse na utilidade do inútil.

Compañía Escénica Transmedia  
[www.artesacia.com](http://www.artesacia.com) / [artesacia@gmail.com](mailto:artesacia@gmail.com)  
+34 679943801 / +34 678391447

#### **DISTRIBUCIÓN**

**Lilian Portela, Amarelo Distribución Escénica**  
**+34610106808 / [lilian@amarelo.es](mailto:lilian@amarelo.es)**

**Artesa**  
Compañía Escénica Transmedia  
**Cía**